



ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Artigo 1.- NATUREZA E FUNDAMENTO

O imposto regulado nesta Ordenanza rexerese polos art. 61 a 78 da Lei 39/88 de 28 de decembro Reguladora das Facendas Locais, segundo as modificacións da Lei 51/2002, e as disposicións que as desenvolvan

Artigo 2.- FEITO IMPOÑIBLE (art. 61 e 62 LRFL) (art. 5 e 6 Lei 51/2002)

1.- O feito imponible do Imposto sobre Bens Inmobles está constituído pola titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos e urbanos e sobre os inmobles de características especiais.

- a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles o sobre os servizos públicos a que se hallen afectos.
- b) Dun dereito real de superficie.
- c) Dun dereito real de usufructo.
- d) Do dereito de propiedade.

2.- A realización do feito imponible que corresponda, de entre os definidos no apartado anterior polo orden nel establecido, determinará a no suxeición do inmovible ás restantes modalidades no mesmo previstas.

3.- Terán a consideración de bens de inmobles urbanos o rústicos os situados no solo de natureza urbana ou rústica respectivamente.

4.- Enténdese por solo de natureza urbana:

- O clasificado polo planeamento urbanístico como urbano.
- O que teña a consideración de urbanizable e estea incluído en sectores, asemade o resto do solo clasificado como urbanizable a partir do momento de aprobación do instrumento urbanístico que o desenvolva.
- O solo xa transformado por contar, a lo menos, con acceso rodado, abastecemento de augas, servizo de sumidoiro e subministro de enerxía eléctrica ou por estar consolidado pola edificación na forma e coas características que estableza a lexislación urbanística.

5.- Enténdese por solo de natureza rústica aquel que non sexa de natureza urbana conforme o disposto no apartado anterior, nin esté integrado nun ben inmovible de características especiais.

6.- Considéranse bens inmobles de características especiais os comprendidos nos seguintes grupos:



- a) Os destinados á produción de enerxía eléctrica e gas e ó refino de petróleo, e as centrais nucleares.
- b) As presas, saltos de auga e embalses, incluído o seu leito, excepto as destinadas exclusivamente ó rego.
- c) As autopistas, estradas e túneles de peaxe.
- d) Os aeroportos e portos comerciais.

7.- Os bens inmobles de características especiais que o 1 de xaneiro de 2003 consten no Padrón Catastral conforme a súa anterior natureza manterán ata o 31 de decembro de 2005 o valor, sen prexuízo da súa actualización cando proceda, asemade o seu réxime de valoración.

A incorporación dos restantes inmobles que, conforme á Lei do Catastro Inmobiliario teñan a condición de bens inmobles de características especiais antes do 31 de decembro de 2005.

8.- Nos procedementos de valoración colectiva de carácter xeral que a Dirección Xeral do Catastro inicie a partires do 1 de xaneiro de 2003, será de aplicación a clasificación de bens definida nos apartados 3, 4, 5 e 6 anteriores, coa excepción das construcións ubicadas en solo rústico, que conservarán a súa natureza, conforme o establecido no apartado 6.b. Todo elo en concordancia co que o respecto da clasificación dos bens inmobles establece a normativa do Catastro Inmobiliario.

9.- A clasificación dos bens rústicos e urbanos descritos nos apartados anteriores, terá efectividade dende o 1 de xaneiro do 2006. Ata dita data, os bens inmobles que figuren ou se dean de alta no Catastro Inmobiliario terán a natureza que lles corresponde conforme a normativa anterior, cuxas particularidades detállanse a continuación.

- a) Son de natureza urbana:
 - Os solos a que se refire o apartado 4 e tamén os terreos que se fraccionen en contra do disposto na lexislación agraria, sempre que tal fraccionamento desvirtúe o seu uso agrario.
 - As construcións situadas en solos de natureza urbana, ou nos terreos de natureza rústica que non sexan indispensables para o desenrolo das explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais
- b) Son de natureza rústica
 - Os terreos que non teñan a consideración de urbanos conforme ó disposto na letra a) do presente apartado.
 - As construcións de natureza rústica, entendendo por tales os edificios e instalacións de carácter agrario, que, sitos nos terreos de natureza rústica sexan indispensables para o desenrolo das explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais.

10.- Non están suxeitos ó imposto:

- a) As carreteras, os camiños, as demais vías terrestres e os bens do dominio público marítimo-terrestre e hidráulico, sempre que sexan de aproveitamento público e gratuito.
- b) Os seguintes bens inmobles propiedade deste Concello:
 - Os de dominio público afectos o uso público.



- Os de dominio público afectos a un servizo público xestionado directamente polo Concello e os bens patrimoniais, excepto cando se trate de inmobles cedidos a terceiros mediante contraprestación.

Artigo 3.- SUXEITOS PASIVOS (art. 64 LRFL) (art. 8 Lei 51/2002) (art. 33 LXT)

1.- Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e tamén as herencias xacentes, comunidades de bens e outras entidades que, sen personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica o un patrimonio separado, susceptible de imposición, que ostenten a titularidade dun dereito constitutivo do feito imponible do imposto, nos termos previstos no apartado 1 do artigo 2 desta Ordenanza.

No suposto de concorrencia de varios concesionarios sobre un mesmo inmovible de características especiais, será substituído do contribuínte o que deba satisfacer o canon maior.

2.- Os contribuíntes ou os substitutos dos contribuíntes poderán repercutir a carga tributaria soportada conforme ás normas do dereito común.

3.- Os suxeitos pasivos que residan no estranxeiro durante máis de seis meses de cada ano, estarán obrigados a nomear un representante con domicilio no territorio español, ós efectos das súas relacións ca Facenda Pública.

Artigo 4.- RESPONSABLES (Art. 64 LRHL), (art. 8 e 9 Lei 51/2002), (art. 33 e 41 LXT)

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.

2.- Responden solidariamente da cota deste imposto, e en proporción as súas respectivas participacións, os copartícipes ou cotitulares das entidades a que se refiren o artigo 33 da Lei 230/1963, de 28 de decembro, Xeral Tributaria, se figuran inscritos como tales no Catastro Inmobiliario.

3.- Se é o caso de sociedades ou entidades disoltas e liquidadas, as súas obrigas tributarias pendentes transmitíranse aos socios ou partícipes no capital, os cales responderán delas solidariamente e ata o límite do valor da cota de liquidación adxudicada.

4.- Os administradores de persoas xurídicas que non realizaran os actos necesarios da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias de aquelas responderán subsidiariamente das débedas seguintes:

- a) Cando se cometa una infracción tributaria simple, do importe da sanción.
- b) Cando se cometa una infracción tributaria grave, da totalidade da débeda esixible.
- c) Nos supostos de cese das actividades da sociedade, do importe das obrigas tributarias pendentes na data do cese.



5.- A responsabilidade esixirase en calquera caso nos termos e conforme co procedemento previsto na Lei Xeral Tributaria.

6.- Nos supostos de cambio, por calquera causa, na titularidade dos dereitos que constitúen o feito imponible do imposto, os bens inmobles obxecto de ditos dereitos quedarán afectos ó pago da totalidade da cota tributaria nos termos previstos no artigo 41 da Lei Xeral Tributaria.

As cotas esixibles ó adquirente son as correspondentes ós exercicios non prescritos.

7.- Os efectos do previsto no apartado anterior os notarios solicitarán información e advertirán ós comparecentes sobre as débedas pendentes polo Imposto sobre Bens Inmobles asociadas ó inmovible que transmite.

8.- O procedemento para esixir ó adquirente o pago das cotas tributarias pendentes, o que se refire o punto 6, precisa acto administrativo de declaración da afección e requirimento de pago ó actual propietario.

9.- Nos supostos de concorrencia de dous ou mais titulares no feito imponible, responderán solidariamente do pago do imposto ó amparo do previsto no artigo 34 da Lei Xeral Tributaria. Consecuentemente, o órgano xestor (o Concello) poderá esixir o cumprimento da obriga da calquera dos obrigados.

Artigo 5.- BASE IMPONIBLE E BASE LIQUIDABLE (art. 66 e 67 LRFL) (art. 10, 11, 12, 13, 14 Lei 51/2002)

1.- A base imponible está constituída polo valor catastral dos bens inmobles. Estes valores poderán ser obxecto de revisión, modificación ou actualización nos casos e das maneiras previstas na Lei Reguladora das Facendas Locais e na Lei do Catastro Inmobiliario.

2.- A base liquidable será o resultado de practicar na imponible as reducións que legalmente se establezan.

3.- A determinación da base liquidable é competencia da Xerencia Territorial do Catastro e será recorrible ante o Tribunal Económico-Administrativo Rexional competente, nos procedementos de valoración colectiva.

4.- O Concello determinará a base liquidable cando a base imponible resulte da tramitación dos procedementos de declaración, comunicación, solicitude, subsanación de discrepancias e inspección catastral. Nestes casos, a base liquidable poderá notificarse conxuntamente coa liquidación tributaria correspondente.

5.- Nos inmobles cuxo valor catastral incrementárase como consecuencia de procedementos de valoración colectiva de carácter xeral, a redución aplicarase durante nove anos a contar dende a entrada en vigor dos novos valores, según determinase nos apartados seguintes.

Esta redución aplicarase de oficio sen que sexa necesaria a solicitude polos suxeitos pasivos do imposto.



6.- A contía da redución, que decrecerá anualmente, será o resultado de aplicar un coeficiente redutor, único para tódolos inmobles do Concello, a un compoñente individual da redución calculado para cada inmoble.

O coeficiente redutor terá o valor de 0,9 o primeiro ano da súa aplicación e irá diminuindo en 0,1 anualmente ata a súa desaparición. O compoñente individual da redución será a diferenza positiva entre o novo valor catastral asignado ó inmoble e a base liquidable do exercicio inmediato anterior á entrada en vigor de aquel.

7.- O valor base será o que se indica a continuación en cada uno dos seguintes casos:

- a) Para aqueles inmobles nos que, se produciran alteracións susceptibles de inscrición catastral previamente á modificación do planeamento ou ó 1 de xaneiro do ano anterior á entrada en vigor das ponencias de valores, non se modificara o seu valor catastral no momento da aprobación das mesmas, o valor base será o importe da base liquidable que, de acordo coas alteracións mencionadas, corresponda ó exercicio inmediato anterior á entrada en vigor dos novos valores catastrais.
- b) Para os inmobles cuxo valor catastral se altere antes de finalizar o prazo de redución como consecuencia de procedementos de inscrición catastral mediante declaracións, comunicacións, solicitudes, subsanación de discrepancias e inspección catastral, o valor base será o resultado de multiplicar o novo valor catastral polo incremento medio do valor do Concello, determinado pola Dirección Xeral do Catastro. Nestes casos non se iniciará ó cómputo dun novo período de redución e o coeficiente redutor aplicado ós inmobles afectados tomará ó valor correspondente ó resto dos inmobles do Concello.
- c) compoñente individual, no caso de modificación de valores catastrais producidos como consecuencia dos procedementos de valoración colectiva previstos na normativa catastral, exceptuados os de carácter xeral, que teñan lugar antes de finaliza-lo prazo de redución, será, para cada ano, a diferenza positiva entre o novo valor catastral e o seu valor base. Dita diferenza dividirase polo último coeficiente redutor aplicado.

10.- No caso de modificación de valores catastrais que afecte á totalidade dos inmobles, o período de redución concluirá anticipadamente e extinguirase o dereito á aplicación da redución pendente.

11.- A redución establecida neste artigo non se aplicará respecto do incremento da base imponible dos inmobles que resulte da actualización dos seus valores catastrais por aplicación dos coeficientes establecidos nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado.

12.- Nos bens inmobles clasificados como de características especiais non se aplicarán reducións na base imponible ó efectos de determina-la base liquidable do imposto.

Artigo 6 – TIPO DE GRAVAMEN E COTA (art. 72 e 73 LRFL) (art. 16 e 17 Lei 51/2002)

1.- O tipo de gravame será do 0,55 por cento cando se trate de bens urbanos e do 0,30 por cento cando se trate de bens rústicos.



- 2.- O tipo de gravame aplicable ós bens inmobles de características especiais será do 0,85 por cento.
- 3.- A cota íntegra do imposto é o resultado de aplicar á base liquidable o tipo de gravame.
- 4.- A cota líquida se obterá minorando a cota íntegra no importe das bonificacións previstas no artigo 9 desta Ordenanza.

Artigo 7- PERIODO IMPOSITIVO E DEVENGO DO IMPOSTO (art. 76 LRFL), (art. 20 Lei 51/2002)

- 1.- O período impositivo e o ano natural.
- 2.- O imposto devengarase o primeiro día do período impositivo.
- 3.- Os feitos, actos e negocios que, conforme ó previsto no Artigo 9 desta Ordenanza, deban ser obxecto de declaración, comunicación ou solicitude, terán efectividade no exercicio inmediato seguinte a aquel no que se produciron, con independencia do momento en que se notifiquen.
Cando o Concello coñeza unha modificación do valor catastral respecto ó que figura no seu padrón, orixinado por algún dos feitos, actos o negocios mencionados con anterioridade, este liquidará o IBI, se procede, na data na que a Xerencia Territorial do Catastro notifique o novo valor catastral. A liquidación do imposto comprenderá a cota correspondente ós exercicios devengados e non prescritos.
Neste caso, deducirase da liquidación correspondente a este e ós exercicios anteriores a cota satisfeita por IBI en razón a outra configuración do inmovible, diferente da que tivo lugar.
- 4.- Nos procedementos de valoración colectiva, os valores castastrais modificados terán efectividade o día uno de xaneiro do ano seguinte a aquel no que se produza a súa notificación.

Artigo 8.- EXENCIONES (art. 63 LRFL) (art. 7 Lei 51/2002)

- 1.- Estarán exentos do imposto os seguintes bens:
 - a) Os que sendo de propiedade do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais estean directamente afectos á defensa nacional, a seguridade cidadán e ós servizos educativos e penitenciarios.
 - b) Os bens comunais e os montes veciñais en man común.
 - c) Os da Igrexa Católica, nos termos previstos no Acordo entre o Estado Español e a Santa Sede e os das Asociacións confesionais non católicas legalmente recoñecidas, e nos termos establecidos nos respectivos acordos de cooperación subscritos.
 - d) Os da Cruz Roxa Española.
 - e) Os inmobles os que sexa de aplicación a exención en virtude de Convenios Internacionais.
 - f) A superficie dos montes poblados con especies de crecemento lento regulamentariamente determinadas, cuxo principal aproveitamento sexa a madeira ou corcho.



- g) Os ocupados por liñas de ferrocarril e os edificios destinados a servizos indispensables para a explotación das mencionadas liñas.

Asemade, previa solicitude, estarán exentos:

- h) Os bens inmobles que se destinen á ensinanza por centros docentes acollidos, total ou parcialmente, ó réxime de concertos educativos, no que atañe á superficie afectada á ensinanza concertada, sempre que ó titular catastral coincida con ó titular da actividade.
- i) Os declarados expresa e individualizadamente monumento ou xardín histórico de interese cultural, conforme á normativa vixente no momento do devengo do imposto.
- j) Aqueles que, sen estar comprendidos nos apartados anteriores, cumpren as condicións establecidas no artigo 64 da Lei 39/1998, de 28 de decembro.

O disfrute das exencións dos apartados h) e i) requirirá que ó suxeito pasivo as solicite antes de que o recibo-liquidación adquira firmeza, é dicir, antes de que transcorra o prazo que fixa o artigo 14 da Lei 39/88 R.H.L.; no caso contrario surtirá efectos no ano seguinte, sen que poda ter efectos retroactivos. Na solicitude deberase acreditar o cumprimento dos requisitos esixibles para a aplicación da exención.

2.- Ademais disfrutarán de exención os seguintes inmobles:

- a) Os urbáns, cuxa cota líquida sexa inferior a 6,00 euros, o cuxa base imponible sexa inferior a 1.333,33 euros.
- b) Os rústicos, no caso que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade de bens rústicos posuídos no Concello sexa inferior a 12,00 euros.
- c) Os inmobles destinados a centros sanitarios, cuxa titularidade corresponda ó Estado, á Comunidade Autónoma ou ás Entidades Locais.

Artigo 9.- BONIFICACIONES (art. 74 e 75 LRFL) (Art. 1, 18 e 19 51/2002)

1.- Gozarán dunha bonificación do 90 por cento na cota do imposto os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel no que se inicien as obras ata o posterior á terminación das mesmas, sempre que, durante ese tempo se realicen obras de urbanización o construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poda exceder de tres períodos impositivos.

Para disfrutar da mencionada bonificación, os interesados deberán cumpri-los seguintes requisitos:

- a) Acreditación de que a empresa se adica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, o que se fará mediante a presentación dos estatutos da sociedade.
- b) Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado, que se fará mediante certificación do Administrador da Sociedade, ou fotocopia do último balance presentado ante a AEAT, os efectos do imposto sobre Sociedades.



- c) A solicitude da bonificación debese formular antes do inicio das obras, preferiblemente no momento de solicitar a licenza de obras. Deberá aportarse fotocopia do acordo da concesión da licenza de obras.

2.- As vivendas de protección oficial disfrutarán dunha bonificación do 50 por cento durante o prazo de tres anos, contados dende o exercicio seguinte ó de outorgamento da cualificación definitiva.

A bonificación concederase a petición do interesado, a cal poderá efectuarse en calquera momento anterior á terminación do período de duración da mesma e surtirá efectos, no seu caso, dende o período impositivo seguinte a aquel en que se solicite.

3.- Gozarán dunha bonificación do 95 por cento da cota tributaria os bens de natureza rústica das Cooperativas Agrarias e de Explotación Comunitaria da terra.

4.- As bonificacións establecidas nos apartados 1 e 2 non son acumulables, e no caso de que para un mesmo exercicio e suxeito pasivo, concorran os requisitos para o seu disfrute, aplicarase a bonificación de maior contía.

XESTIÓN

Artigo 10.- CONVENIO COA XERENCIA TERRITORIAL DO CATASTRO

O Concello en calquera momento pode firmar un convenio de colaboración ca Xerencia Catastral que regulará o procedemento administrativo nas distintas fases da xestión tributaria.

Artigo 11 – REXIME DE DECLARACIONES, COMUNICACIONES E SOLICITUDES

Os suxeitos pasivos que sexan titulares dos dereitos constitutivos do feito imponible do imposto, o que se refire o artigo 2 desta Ordenanza están obrigados a declarar as circunstancias determinantes dunha alta, baixa ou modificación da descrición catastral dos inmobles.

Artigo 12.- DEVOLUCION DE INGRESOS INDEBIDOS

Para a devolución de ingresos indebidos por erro de feito (art. 156 Lei Xeral Tributaria), deberá solicitarse polo interesado acompañando a súa solicitude o recibo/liquidación orixinal e facendo constar un número de conta bancaria para poder face-lo ingreso do importe da devolución. Requisito imprescindible e que o titular do recibo/liquidación debe coincidir co nome do titular da conta.

Todo o procedemento suxeitase o disposto no Real Decreto 1163/1990 de 21 de setembro.

Artigo 13.- APROBACION DE PADRONS

1.- Os Padróns elaboraranse polo Departamento de Xestión correspondendo á Intervención de Fondos a súa fiscalización e toma de razón.



2.- A aprobación dos Padróns e competencia da Alcaldía.

Artigo 14- EXPOSICION PÚBLICA

1.- Aprobado o Padrón anunciarase a súa exposición pública e período de cobro mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no periódico de maior difusión da provincia e no taboleiro de edictos do Concello.

Ademais, polos medios que se consideren máis eficaces en cada caso, divulgarase o calendario do cobro, con obxecto de que sexa coñecido pola xeneralidade dos interesados.

2.- El Padrón do IBI, exporase ó público nas oficinas municipais quince días antes de iniciarse os preceptivos períodos de cobro e por espazo dun mes.

3.- Contra a exposición pública do padrón, e dos recibos/liquidacións que nel figuran, poderase interpoñer recurso de reposición, previo ó contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a data de remate da exposición pública do padrón.

Artigo 15.- ACTUACIONES POR DELEGACION

1.- As declaracións, comunicacións e solicitudes poderanse presentar no Concello, nos termos do Real Decreto 1448/1989 de 1 de decembro polo que se desenvolve o artigo 77 da LRFL.

3.- As declaracións de modificación de titularidade xurídica do ben se poderán presentar diante do Concello, acompañadas da copia da escritura pública que formaliza la transmisión, e nos impresos axustados ós modelos establecidos nas resolucións da Xerencia Territorial do Catastro..

4.- Se o Concello coñece da modificación de titularidade por obte-la información de Notarios ou do Rexistro da Propiedade, ou ben porque o interesado presentou declaración, modificará a súa base de datos e, no formato establecido, trasladará as variacións ó Catastro.

Artigo 16 - REXIME DE LIQUIDACION (art. 78 da LRFL modificado polo art. 22 da Lei 51/2002)

1.- A liquidación e recadación, asemade a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria deste imposto, serán competencia exclusiva do Concello e comprenderán as funcións de concesión e denegación de exencións e bonificacións, realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, emisión dos documentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra ditos actos e actuacións para a asistencia e información ó contribuínte referidas ás materias comprendidas neste apartado.

2.- As solicitudes para acollerse ós beneficios fiscais de carácter rogado, previstos nesta Ordenanza presentarase diante do Concello, acreditando as circunstancias que fundamentan a solicitude.



3.- As liquidacións tributarias serán practicadas polo Concello, tanto as que correspondan a valores-recibo como as liquidacións por ingreso directo.

4.- Non será necesaria a notificación individual das liquidacións tributarias nos supostos nos que, levándose a cabo un procedemento de valoración colectiva, se practicaran previamente as notificacións do valor catastral e base liquidable.5.- Unha vez transcorrido o prazo de impugnación previsto nas citadas notificacións sen que foran presentados os recursos pertinentes, entenderanse consentidas e firmes as bases impositiva e liquidable notificadas, sen que poidan ser obxecto de nova impugnación ó procederse á exacción anual do imposto.

Artigo 17 - IMPUGNACION DOS ACTOS DE XESTION DO IMPOSTO(art. da Lei 29/1988 Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa e Lei 30/1992 do Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común)

1.- Contra os actos de xestión tributaria, competencia do Concello, os interesados poden formular recurso de reposición, previo ó contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da notificación expresa ou ó da finalización do período de exposición pública dos padróns correspondentes.

2.- Contra os actos de determinación da base liquidable nos supostos que corresponda tal función ó Concello, conforme ó previsto no artigo 7.4 desta Ordenanza, pódese interpoñer o recurso de reposición previsto no apartado anterior.

3.- A interposición do recurso de reposición diante do Concello non suspende a acción administrativa para o cobro, a menos que, dentro do prazo previsto para interpoñer o recurso, o interesado solicite a suspensión da execución do acto impugnado e achegue garantía polo total da débeda tributaria.

4.- Contra a denegación do recurso de reposición pódese interpoñer recurso contencioso administrativo nos prazos seguintes:

- a) Se a resolución fora expresa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da notificación do acordo resolutorio do recurso de reposición.
- b) Se non houbera resolución expresa, no prazo de seis meses contados dende o día seguinte a aquel no que poda entenderse desestimado o recurso de reposición.



RECADACIÓN

Artigo 18 - REXIME DE INGRESO (art. 20 e 100 do RXR)

A recadación deste imposto realizarase de acordo cos seguintes puntos:

- 1.- As obrigas de vencemento periódico, cando o imposto se exaccione por Padrón, esixiranse no período que acorde o Alcalde ou a Comisión de Goberno.
- 2.- As liquidacións de ingreso directo deberan ser satisfeitas nos períodos fixados polo Regulamento Xeral de Recadación, que son:
 - a) Para as notificadas dentro da primeira quincena do mes, ata o día 5 do mes natural seguinte.
 - b) Para as notificadas dentro da segunda quincena do mes, ata o día 20 do mes natural seguinte.

DISPOSICION ADICIONAL

As modificacións producidas pola Lei de Presupostos Xerais do Estado u outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

DISPOSICION FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas. No caso de modificación parcial, os artigos non modificados continuarán vixentes.

MODIFICACIÓNS:

- 1.- BOP nº 250 do venres 30 de decembro de 2011.
-